

***CIRCULAR 1 / 2004 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL
E ENSINANZAS ESPECIAIS POLA QUE SE REGULAN AS PROBAS DE NIVEL
DE COÑECEMENTO DE IDIOMAS NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS***

O artigo 49.2 da Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación, estrutura as ensinanzas de idiomas de réxime especial, que se imparten nas escolas oficiais de idiomas, en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Así mesmo o artigo 49.4 establece que para acceder ás ensinanzas das escolas oficiais de idiomas é requisito imprescindible ter cursado os dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria ou estar en posesión do título de graduado escolar, do certificado de escolaridade ou do certificado de estudos primarios.

O artigo 2.2 do Real Decreto 944/2003, do 18 de xullo, sinala que sen perxuício do cumprimento dos requisitos académicos establecidos na Lei Orgánica 10/2002 arriba citada, os alumnos que dispoñan de coñecementos previos do idioma poderán incorporarse a calquera nivel sempre que acrediten os coñecementos precisos, de acordo co que establezan as Administracións educativas.

O artigo 11 do Real Decreto 827/2003, do 27 de xuño, establece que no ano académico 2005-2006 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas dos cursos 1º e 2º do nivel básico e deixarán de impartirse as ensinanzas dos cursos 1º e 2º do ciclo elemental reguladas polo Real Decreto 967/1988, do 2 de setembro, sobre ordenación das ensinanzas correspondentes ó primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas.

En tanto non entre en vigor a implantación da nova estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial, a posesión dalgún dos requisitos sinalados no artigo 49.4 da Lei Orgánica 10/2002, garante os coñecementos mínimos necesarios para seguir con aproveitamento as ensinanzas do primeiro curso do ciclo elemental das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Sen embargo, a experiencia amosa que, debido á diversidade de coñecementos previos do alumnado, nalgúns casos non resulta conveniente o ingreso no primeiro curso desas ensinanzas, senón que pode resultar máis axeitada a incorporación ó segundo ou ó terceiro curso do ciclo elemental.

En consecuencia cómpre adopta-las medidas oportunas que permitan darlles resposta ás persoas que acceden a estas ensinanzas con diferencias significativas no seu nivel de coñecemento do idioma.

Por iso, en virtude das competencias que ten atribuídas, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

1º.- As escolas oficiais de idiomas (EOI) da Comunidade Autónoma de Galicia deberán ofertar probas de nivel de tódolos idiomas que impartan no primeiro ciclo do primeiro nivel das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

2º.- As citadas probas de nivel terán como obxectivo determinar para cada persoa que as realiza o curso do ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas de idiomas de réxime especial que resulte máis axeitado para a súa incorporación, en función dos coñecementos que posúa.

3º.- Estarán exentos de realiza-las probas de nivel e, polo tanto, terán acceso directo ó segundo ou terceiro curso do ciclo elemental, as persoas que posúan os estudos de idiomas que se recollen na Circular 23/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, sempre dentro dos condicionamentos que esa norma establece, en particular en relación coa dispoñibilidade de prazas nas EOI.

4º.- Poderá realiza-las probas de nivel o alumnado que vaia optar polas ensinanzas de réxime especial presencial nas EOI ou que queira participar no plan experimental de potenciación de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria (IES), así como o que opte pola modalidade de ensino a distancia do inglés do programa *That's English* (proba V.I.A. -Valoración Inicial do Alumnado-).

5º.- Os aspirantes ás probas de nivel deberán ter cursado, no momento da inscrición nestas, os dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria ou estar en posesión do título de graduado escolar, certificado de escolaridade, estudos primarios ou titulación equivalente, debidamente validada ou con constancia documental de estar en fase de tramitación, se non foi expedida en España.

6º.- As probas de nivel celebraranse nas escolas oficiais de idiomas, e só poderá inscribirse para realiza-la proba de nivel dun idioma o alumnado que no curso académico no que realiza a inscrición non estea matriculado nunha escola oficial de

idiomas por ensinanza oficial nalgún dos tres cursos do ciclo elemental dese idioma nas modalidades de ensino presencial, programa de inglés a distancia *That's English* ou plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria autorizados para o efecto.

Non poderá inscribirse para realiza-la proba de nivel dun idioma o alumnado que no mesmo ano académico estea matriculado nese idioma na modalidade de ensinanza libre. O incumprimento destas normas será causa de anulación do resultado acadado na proba de nivel.

7º.- A incorporación ó curso que corresponda ó nivel de coñecementos amosado na proba de nivel estará supeditada á dispoñibilidade de prazas nas EOI.

8º.- A incorporación, trala realización da proba de nivel, a un curso superior ó primeiro non se poderá considerar equivalente á avaliación positiva dos cursos inferiores. Non obstante, a superación do curso ó que se teña acceso trala realización da proba de nivel si será equivalente á avaliación positiva nos cursos inferiores.

En todo caso, será posible volver a matricularse no mesmo curso ó que se tivo acceso pola proba de nivel cando se obtivese nel unha avaliación final negativa, de acordo co réxime de límite de convocatorias que a correspondente normativa teña establecido.

9º.- En cada convocatoria as probas de nivel serán as mesmas para tódalas EOI, correspondendo a esta Dirección Xeral a coordinación da súa elaboración. Non obstante, cando o volume de alumnado ou outras circunstancias a valorar o fagan necesario, poderá haber dúas versións distintas dunha mesma proba.

10º.- As probas de nivel elaboraranse aténdose ás seguintes partes:

1ª) Comprensión oral

-O exercicio constará de dúas audicións de dous niveis diferentes. Cada audición escoitarase tres veces e sobre cada unha delas formularanse 10 preguntas, ás que os alumnos terán que responder de maneira curta e obxectiva.

2ª) Comprensión / Expresión escrita OU proba obxectiva de gramática, léxico, pronunciación, situacións comunicativas, etc..

2º.1

-O exercicio de comprensión escrita constará de dous textos escritos de diferente nivel e en relación con cada un deles formularanse 10 preguntas.

-O exercicio de expresión escrita consistirá nunha composición de entre 120-150 palabras e o tema da mesma poderá basearse nalgún dos dous textos escritos.

2º.2

-A proba obxectiva constará de 50 items.

3ª) Textos con espazos en branco a completar:

O exercicio constará de dous textos de diferente nivel con 10 ocos cada un deles, que o alumno deberá completar de xeito que o resultado posúa sentido e sexa correcto ortográfica e gramaticalmente.

11º.- A proba terá unha duración total máxima de dúas horas, e será valorada sobre 100 puntos, de acordo co baremo que se determine, e coas seguintes especificacións:

Para acceder ó 2º curso requiriranse como mínimo 60 puntos e para acceder ó 3º curso a puntuación mínima será de 80 puntos. É necesario obter, alomenos, un 40% en cada unha das partes para que se considere a puntuación total.

12º.- O prazo para a inscrición nas probas de nivel e na proba V.I.A., así como as súas datas de celebración, serán establecidos por esta Dirección Xeral.

As direccións das EOI comunicarán a esta Dirección Xeral, dentro dos 7 días naturais seguintes ó peche do período de inscrición que se estableza, a estatística de persoas inscritas para realiza-las probas de cada idioma, segundo se recolle no anexo I. Así mesmo eses datos remitiranse á dirección de correo electrónico do Servicio de Ensinanzas de Réxime Especial desta Dirección Xeral, xsere@edu.xunta.es

Cando nunha EOI o volume de alumnado inscrito nun idioma faga necesario realizar dúas versións da proba de nivel esta circunstancia farase constar coa correspondente xustificación nos informes anteriormente citados.

13º.- Para formaliza-la inscrición os alumnos deberán presenta-la seguinte documentación no centro onde desexen face-la proba e cursa-las ensinanzas de idiomas de réxime especial:

- Resgado de documento das taxas (recóllese na EOI), conforme ó artigo 3º do Decreto 156/2002, do 18 de abril, DOG do 3 de maio, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.
- Impreso de inscrición debidamente cumprimentado (o modelo tamén se recollerá na EOI).
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Fotocopia compulsada do título académico, ou certificación de estudos, descrito no punto 5º.
- Declaración expresa de cumpri-lo requisito do punto 6º desta circular (o modelo será facilitado nas EOI).

14º.- A proba de nivel de cada idioma terá lugar nas EOI nos horarios e datas que cada ano determine esta Dirección Xeral, en concordancia co que estableza a correspondente orde de calendario escolar. Cando por razóns de volume de alumnado haxa dúas versións distintas da proba, esta poderase celebrar en dous días hábiles consecutivos.

Unicamente a proba VIA se celebrará na data que especificamente se estableza; non obstante, os resultados das probas de nivel celebradas nas datas sinaladas no parágrafo anterior serán validables coa proba VIA. En todo caso, non será posible participar na proba VIA cando se teña participado na proba de nivel do idioma inglés no mesmo ano académico.

Os orixinais do material correspondente a cada proba de nivel serán remitidos por esta Dirección Xeral ás direccións das escolas oficiais de idiomas cunha antelación

mínima de 7 días naturais. A custodia e elaboración das copias correspondentes será responsabilidade destas últimas.

15º.- A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar probas de nivel fóra de prazo en casos debidamente xustificadas e excepcionais nos idiomas Español para estranxeiros e Galego.

16º.- A administración das probas de nivel será responsabilidade dos distintos departamentos de idiomas das EOI, así como a avaliación das mesmas segundo os baremos que se establezan.

17º.- Os resultados das probas de nivel, que consistirán na expresión do curso ó que se dá acceso (2º ou 3º), deberanse facer públicos dentro dos sete días naturais seguintes á celebración de cada proba. Unicamente no caso das probas ás que se fai referencia no artigo 15º esta data se corresponderá coa que especificamente se estableza.

Se o resultado da proba de nivel non lle concede ó alumno o acceso ó 2º ou 3º curso e este quere matricularse no 1º curso do idioma no que realizou a proba, terá que someterse o proceso ordinario de admisión a dito curso establecido na escola oficial de idiomas na que desexe matricularse.

O acceso a 2º ou 3º curso acadado mediante a proba de nivel terá validez para os dous anos académicos seguintes ó da celebración da proba en tódalas escolas oficiais de idiomas da nosa Comunidade Autónoma, e farase constar no expediente académico do alumno, de se-lo caso.

Para dar cumprimento a isto último, cando un alumno desexe matricularse no segundo ou terceiro curso dun idioma, facendo uso do acceso acadado nunha proba de nivel, e a matrícula teña lugar nunha EOI diferente da EOI na que realizou esa proba, o alumno deberá presenta-la correspondente certificación expedida por esta última EOI.e poderá formaliza-la súa matrícula sempre que a dispoñibilidade de prazos o permita.

18º.- Coa finalidade de ter constancia administrativa dos resultados sinalados no punto anterior, cada EOI levantará acta de cada unha das probas de nivel nela celebradas, que se axustará ó modelo recollido no anexo II, e que será firmada por tódolos profesores que as avaliaron así como polo xefe do departamento do idioma correspondente.

19º.- O procedemento para a resolución das reclamacións que se presenten será o establecido con carácter xeral para as cualificacións das ensinanzas que se imparten nas EOI.

20º.-As EOI deberán comunicar á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a través da inspección educativa da súa delegación provincial, os resultados das probas de nivel en informes que se axustarán ó modelo recollido no anexo III, nos que se reflectirán para cada idioma o número de solicitantes, o de persoas presentadas e o de persoas que acceden a cada curso, así como unha valoración do procedemento e dos resultados obtidos.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2004

A Directora Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

Asdo.: M^a Pilar del Mar Pérez Marsó

ANEXO I

DATOS DA ESCOLA

Código	
Nome	
Localidade	
Concello	
Provincia	

DATOS DO ALUMNADO

Idioma	Número de matriculados

* Se é preciso, xustificación da necesidade de realizar dúas probas nun idioma (especificar este):

O/A Director/a da Escola

Asdo.:

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

RESUMO	
Alumnos matriculados	
Alumnos que acceden a 2°	
Alumnos que acceden a 3°	
Alumnos non presentados	

O/A XEFE/A DO DEPARTAMENTO

Asdo.:

Data:

Sinaturas dos profesores:

ANEXO III

DATOS DA ESCOLA

Código	
Nome	
Localidade	
Concello	
Provincia	

Idioma	
--------	--

RESUMO	
Alumnos matriculados	
Alumnos que acceden a 2º	
Alumnos que acceden a 3º	
Alumnos non presentados	

INCIDENCIAS:

O XEFE/A DO DEPARTAMENTO

Asdo.:

Data:

Ilmo. Sr/a Delegado/a Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.